



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS NO CONSELLO ESCOLAR

Infórmase a pais/nais/titores legais que está en marcha o proceso para a renovación parcial do Consello Escolar do Centro. Os seguintes artigos son os que se refiren á renovación dos representantes de pais/nais/titores legais no Consello Escolar, e que, neste caso, fíxanse en tres de xeito extraordinario.

Decretos 92/1988, 324/1996 e 374/1996, e resolución do 20 de setembro de 2021 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que regulan os órganos de goberno dos centros de ensino non universitario.

- O censo de pais está exposto no taboleiro de anuncios no interior do Colexio.
- Ata o día 6 de novembro estará aberto o prazo de reclamacións a este Censo.
- O prazo de presentación de candidaturas estará aberto desde o 1 ao 8 de novembro ambos inclusive (horario de 9:30 ás 14:30).
- As candidaturas presentaranse na **Dirección do centro**, onde se expedirá a oportuna credencial.
- A data fixada para a elección é o **mércores, día 20 de novembro, desde as 9,30 ata as 14,30 horas**, no salón Manuel Murguía do CEIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño.

N O R M A T I V A

A representación de pais/nais/titores no Consello Escolar do Centro corresponderalles a estes ou aos representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no Centro. **O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e á nai, ou, se é o caso, titores legais.**

A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola Xunta Electoral. A este efecto constituirase unha mesa integrada pola directora do Centro, que actuará como Presidenta, e **catro pais/nais ou titores legais**, designados por sorteo entre os que **non se presenten como candidatos**, actuando como secretario o de menor idade. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo. **A mesa electoral** encargarse de presidir a votación, conservar a orde, velar pola pureza do sufraxio e realizar o escrutinio.

Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores propostos pola Asociación de pais/nais de Alumnos ou avalados para iso pola sinatura de dez electores.

O Censo Electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do Centro con dez días, polo menos, de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación de pais ou tutores legais dos alumnos.

O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que acreditará a súa personalidade mediante presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo da mesma, fará constar na súa papeleta un máximo de dous nomes.

Cariño, 30 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL.-